



DATOS IDENTIFICATIVOS

Intervención socioeducativa para a inclusión social

Materia	Intervención socioeducativa para a inclusión social			
Código	O05G130V01405			
Titulación	Grao en Educación Social			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	2c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Didáctica, organización escolar e métodos de investigación			
Coordinador/a	Barreira Arias, Alberto José			
Profesorado	Barreira Arias, Alberto José			
Correo-e	abarreira@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	<p>O ámbito profesional do educador/a social é moi amplo, e entre a variade de ámbitos profesionais cobra un especial interese a poboación en situación de exclusión social. Favorecer a inserción social de persoas e colectivos desta poboación, atender as súas necesidades sociais, culturais, educativa, sanitarias e laborais e prever esas situacións son algúns dos contidos da práctica profesional do educador/a social. Este profesional necesita dunhas bases teóricas e metodolóxicas que poidan ser alicerces da súa intervención, así mesmo necesita dunhas estratexias de intervención de carácter sociopedagóxico que lle faciliten coñecer a achegarse aos colectivos e persoas desadaptadas.</p> <p>Dende esta materia preténdese dar resposta a ámbolos dous aspectos, dotando ao profesional da Educación Social das competencias e coñecementos necesarios para o seu desenvolvemento, así como das bases da indagación e o coñecemento autónomo, que serán fundamentais para a súa continua reciclaxe e adaptación ao cambiante medio onde terá que exercer a súa profesión.</p>			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Transmitir, promover e desenvolver a cultura
B2	Xerar redes sociais, contextos, procesos e recursos educativos e sociais
B3	Intervir como mediador social, cultural e educativo
B4	Coñecer, analizar e investigar os contextos sociais e educativos
B5	Deseñar, implementar e avaliar programas e proxectos socioeducativos
B6	Xestionar, dirixir, coordinar e organizar institucións e recursos socioeducativos
C1	Integrar criticamente os supostos teóricos, filosóficos, históricos, sociolóxicos, psicolóxicos, pedagóxicos, culturais, políticos, legislativos que están na base dos procesos de intervención socioeducativa
C2	Estar capacitado/a para o diagnóstico e a mediación na prevención e resolución de conflitos en condicións de desigualdade e crises en comunidades socioeducativas

C3	Asumir e orientarse segundo valores de igualdade e de cidadanía democrática, e capacitar para a prevención e a mediación en casos de violencia nas súas diferentes manifestacións (simbólica, de xénero, laboral, escolar, sexual, étnica...)
C4	Analizar e diagnosticar a realidade complexa que fundamenta o desenvolvemento dos procesos socioeducativos
C5	Coñecer os fundamentos do deseño e uso dos medios, recursos e estratexias para a intervención socioeducativa e incorporalos nos diferentes ámbitos de acción socioeducativa
C6	Comprender a traxectoria da educación social e a configuración do seu campo e identidade profesional, a nivel comunitario, estatal, europeo e internacional
C7	Manexar con criterio métodos e estratexias de investigación cuantitativas e cualitativas, e aplicalas ás realidades socioeducativas
C8	Potenciar estruturas e procesos de participación e acción comunitaria, aplicando programas e técnicas de intervención (dinámica de grupos, motivación, negociación e promoción da asertividade...)
C9	Desenvolver programas e proxectos no contexto familiar e escolar
C10	Desenvolver programas e proxectos no ámbito da educación especializada (menores, necesidades educativas especiais, centros de saúde, condutas adictivas, institucións penitenciarias, e persoas e colectivos en risco de exclusión...)
C11	Organizar e administrar proxectos e servizos culturais, ambientais, de lecer e tempo libre
C12	Deseñar, aplicar e avaliar programas e estratexias de intervención socioeducativa no ámbito do desenvolvemento comunitario e cooperación ao desenvolvemento
C13	Deseñar, aplicar e avaliar programas e estratexias de intervención no ámbito cultural
C14	Deseñar, aplicar e avaliar programas de educación permanente e de persoas adultas e anciás
C15	Deseñar, aplicar e avaliar programas para a inserción social e laboral
C18	Ter capacidade para potenciar as relacións interpersoais, desenvolver habilidades de comunicación interpersoal, solidariedade e empatía
C19	Administrar, coordinar e supervisar entidades, equipamentos e grupos, en función de diferentes contextos e necesidades
C20	Asesorar na elaboración e aplicación de plans, programas, proxectos e actividades socioeducativas
D1	Capacidade de análise e síntese
D2	Planificación e organización
D3	Comunicación oral e escrita na/s lingua/s materna/s con apertura a outros códigos lingüísticos, en especial, as linguas cooficiais na comunidade galega
D4	Utilización das TIC no ámbito de estudo e contexto profesional
D5	Xestión da información
D6	Resolución de problemas e toma de decisións
D7	Dominio de metodoloxías e técnicas educativas, dinamizadoras de asesoramento e orientación
D8	Capacidade crítica e autocrítica
D9	Capacidade para integrarse e comunicarse con expertos doutras áreas e en distintos contextos
D10	Recoñecemento e respecto de a diversidade e multiculturalidade
D12	Compromiso ético
D15	Creatividade
D16	Liderado

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Coñecer as características dos principais colectivos de desadaptación social.	A3	B4	C6	D5 D10 D12
Coñecer os supostos pedagóxicos, psicolóxicos e sociolóxicos que sexan alicerces dos procesos de intervención socioeducativa en situacións de exclusión social.	A1	B4	C1 C5	D1 D9
Coñecer e comprender as bases legais, sociais e persoais da inadaptación e exclusión social.	A1 A4	B1 B2 B4	C1 C5 C6	D1 D3 D9
Coñecer os fundamentos teóricos e metodolóxicos da intervención socioeducativa, os seus ámbitos de actuación, técnicas e recursos e servizos socioeducativos dispoñibles.	A1 A2 A3 A4 A5	B2 B3	C1 C5 C6 C20	D1 D6 D7

Planear procesos de intervención en situacións de desadaptación social, avaliando o ámbito sobre o que se actúa, priorizando as necesidades de acción ás que se pretende dar resposta, especificando o modelo teórico de intervención no que se basea, os recursos necesarios para ela e a proposta metodolóxica coa que será avaliada dita intervención.	A2 A3 A4 A5	B2 B3 B5	C4 C7 C9 C10 C11 C12 C13 C14 C15 C18 C20	D2 D3 D4 D5 D6 D7 D9 D10 D12 D15
Utilizar técnicas concretas de intervención socioeducativa e comunitaria que permitan detectar factores de desadaptación e exclusión que dificultan a inserción social e laboral	A2 A3 A5	B2 B5 B6	C2 C4 C7 C8 C19	D7 D16
Recoñecer a diversidade e a multiculturalidade como fonte de crecemento persoal e social.	A3 A4	B1 B2	C3	D10 D12
Recoñecer a importancia do compromiso ético e social nos procesos de intervención educativa na exclusión social	A3	B1	C3	D12
Manter unha actitude de autocrítica aberta á innovación	A1 A2 A3 A4 A5	B1	C3 C18	D8 D12

Contidos

Tema	
Tema 01.- O concepto de desadaptación social. A súa relación con outros conceptos: marxinação, anormalidade. Relatividade do termo: Os condicionantes sociais e culturais. Factores ambientais que inciden no fenómeno da desadaptación social.	01.1.- A exclusión social: concepto, ámbitos e factores de risco. 01.2.- A desadaptación social: precisións conceptuais e marco teórico. 01.3.- Teorías da inadaptación social. 01.4.- O marco normativo e administrativo da intervención socioeducativa na exclusión social (Bases legais que afectan a situacións de exclusión social; medidas institucionais para dar resposta á desadaptación social).
Tema 02.- Os principios da Intervención Educativa: desenvolvemento persoal, normalización, participación, xestión autónoma.	02.1.- Principios e Fases do proceso de intervención socioeducativa. 02.2.- Problemas fundamentais de desadaptación social e estratexias de intervención. A intervención educativa como estratexia fundamental.
Tema 03.- Ámbitos e áreas de intervención en situacións de desadaptación social.	03.1.- A intervención socioeducativa no ámbito da delincuencia e o cárcere. 03.2.- A intervención socioeducativa no ámbito das minorías étnicas. 03.3.- A intervención socioeducativa no ámbito dos fluxos migratorios. 03.4.- A intervención socioeducativa no ámbito da pobreza. 03.5.- A intervención socioeducativa no ámbito hospitalario.
Tema 04.- Elaboración e avaliación de programas de intervención socioeducativa en situacións de exclusión social.	04.1.- Avaliación do contexto e de necesidades. 04.2.- Deseño do programa. 04.3.- Implementación. 04.4.- Avaliación do programa.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Traballo tutelado	16	36	52
Estudo de casos	6	16	22
Foros de discusión	0	6	6
Lección maxistral	14	31	45
Aprendizaxe colaborativa	8	16	24
Exame de preguntas obxectivas	1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Traballo tutelado	O estudante, de xeito individual ou en grupo, de forma autónoma ou supervisada polo profesor desenvolve unha actividade na aula ou elabora un proxecto de intervención socioeducativa sobre a temática da materia.

Estudo de casos	Análise dun feito, problema ou suceso real coa finalidade de coñecelo, interpretalo, resolvolo, xerar hipóteses, contrastar datos, reflexionar, completar coñecementos, diagnosticalo e adestrarse en procedementos alternativos de solución.
Foros de discusión	Actividade desenvolvida nun entorno virtual na que se debaten temas relacionados co ámbito da materia
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante.
Aprendizaxe colaborativa	Comprende un grupo de procedementos de ensino que parten da organización da clase en pequenos grupos mixtos e heteroxéneos onde o alumnado traballa de forma coordinada entre si para desenvolver tarefas académicas e afondar na súa propia aprendizaxe.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	As sesións maxistras, reforzaranse cunha atención personalizada, individual ou en pequeno grupo, coa finalidade de atender as necesidades, dúbidas e consultas do alumnado relacionadas coa materia, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe.
Traballo tutelado	Os traballos tutelados, reforzaranse cunha atención personalizada, individual ou en pequeno grupo, coa finalidade de atender as necesidades, dúbidas e consultas do alumnado relacionadas coa materia, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe.
Estudo de casos	Os estudos de caso, reforzaranse cunha atención personalizada, individual ou en pequeno grupo, coa finalidade de atender as necesidades, dúbidas e consultas do alumnado relacionadas coa materia, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe.
Aprendizaxe colaborativa	As actividades de tipo colaborativo, reforzaranse cunha atención personalizada, individual ou en pequeno grupo, coa finalidade de atender as necesidades, dúbidas e consultas do alumnado relacionadas coa materia, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Traballo tutelado	Tutelarase a elaboración dun proxecto de intervención socioeducativa sobre a temática da materia, que o alumnado realizará de forma autónoma, individual ou en grupo, e/ou baixo as directrices e supervisión do profesor.	35	A1	B1	C1	D1
			A2	B2	C2	D3
			A3	B3	C3	D4
			A4	B4	C4	D5
			A5	B5	C5	D6
				B6	C6	D7
					C7	D9
					C8	D10
					C9	D12
					C10	D15
					C11	D16
					C12	
					C13	
					C14	
					C15	
					C18	
					C19	
					C20	
Estudo de casos	Análise dun feito, problema ou suceso real coa finalidade de coñecelo, interpretalo, resolvolo, xerar hipóteses, contrastar datos, reflexionar, completar coñecementos, diagnosticalo e adestrarse en procedementos alternativos de solución.	10	A1	B2	C2	D1
			A2	B3	C4	D4
			A3	B4	C5	D5
			A4		C7	D6
			A5		C18	D7
					C20	D12
						D16
Foros de discusión	Foro de discusión nun entorno virtual no que se debate sobre algún tópico relacionado coa materia	10	A1	B2	C6	D1
			A2	B4	C18	D3
			A3			D4
			A4			D5
			A5			D9

Aprendizaxe colaborativa	Comprende un grupo de procedementos de ensino que parten da organización da clase en pequenos grupos mixtos e heteroxéneos onde o alumnado traballa de forma coordinada entre si para desenvolver tarefas académicas e afondar na súa propia aprendizaxe.	15	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B2 B3 B4 B5 B6	C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8 C9 C10 C11 C12 C13 C14 C15 C18 C19 C20	D1 D3 D4 D5 D6 D7 D9 D10 D12 D15 D16
Exame de preguntas obxectivas	Probas para avaliación das competencias adquiridas que inclúen preguntas pechadas con diferentes alternativas de resposta (verdadeiro/falso, elección múltiple, emparellamento de elementos...). Os alumnos seleccionan unha resposta entre un número limitado de posibilidades.	30	A1 A2 A3 A4 A5	B2 B4	C1	D1 D5 D6 D10

Outros comentarios sobre a Avaliación

Nota: As cualificacións do cadro precedente aparecen expresadas en porcentaxes

MODALIDADE DE AVALIACIÓN CONTÍNUA

As probas de avaliación contínua, tanto presenciais como telemáticas, realizaránse sempre dentro do horario asignado ás aulas lectivas da materia.

Para superar a materia será necesario, acadar como mínimo o 50% da puntuación en cada un dos seguintes subapartados, é decir:

1.-Traballos Tutelados:

- Elaboración dun proxecto de intervención socioeducativa (necesario obter un mínimo de 1,75, sendo o máximo 3,5)
- 2.-Actividades de aula colaborativas (necesario obter un mínimo de 0,75, sendo o máximo 1,5)
- 3.-Estudo de casos e/ou análise de intervencións socioeducativas (necesario obter un mínimo de 0,5, sendo o máximo 1)
- 4.-Test (modalidade A) (necesario obter un mínimo de 1,5, sendo o máximo 3)
- 5.-Foro de discusión: (necesario obter un mínimo de 0,5, sendo o máximo 1.

Son criterios sumativos entre sí e nunca se poderá sumar se nalgún deles non se conquiere o mínimo establecido.

MODALIDADE DE AVALIACIÓN GLOBAL

A elección da modalidade de avaliación global suporá a renuncia á avaliación contínua. O alumnado non asistente deberá contactar a inicio de curso cos docentes da materia e optarán por unha avaliación global. Aquel alumnado que non cumpra o requisito de asistencia mínima (en torno ó 70%-80% das clases teórico-prácticas) pasará a ser considerado alumnado non asistente, optando por unha avaliación global.

As probas de avaliación global realizaránse sempre na data oficial do exame para cada oportunidade de avaliación dentro do periodo de probas oficiais marcado no calendario académico de cada curso.

A avaliación deste alumnado farase de igual xeito que a do alumnado presencial, agás nas Actividades de aula colaborativas, sendo incrementada a puntuación correspondente destas á Elaboración do proxecto e ao exame tipo Test (modalidade B). É decir, para superar a materia haberá que acadar como mínimo o 50% da puntuación nos seguintes subapartados:

1.-Traballos Tutelados:

- Elaboración dun proxecto de intervención socioeducativa (necesario obter un mínimo de 2, sendo o máximo 4)
- 2.-Estudo de casos e/ou análise de intervencións socioeducativas (necesario obter un mínimo de 0,5, sendo o máximo 1)
- 3.-Test (modalidade B) (necesario obter un mínimo de 2, sendo o máximo 4)
- 4.- Foro de discusión: (necesario obter un mínimo de 0,5, sendo o máximo 1).

Son criterios sumativos entre sí e nunca se poderá sumar se nalgún deles non se conquire o mínimo establecido.

IMPORTANTE:

--A fórmula a aplicar na proba tipo test será: $P=A-(E/n-1)$, onde P=puntuación, A= acertos, E=erros, $n=n^o$ de alternativas de resposta. Haberá 3 alternativas de resposta, sendo só unha delas a correcta.

-As actividades teóricas e prácticas poderán ser realizadas polo alumnado asistencial individualmente ou en grupo (máximo de 4-6), segundo se indique. O alumnado non asistencial realizará as actividades de xeito individual.

SEGUNDA CONVOCATORIA (XULLO):

De non ter superada a materia, as competencias non adquiridas serán avaliadas na convocatoria de xullo.

As partes da materia superadas na 1ª oportunidade, non serán obxecto de avaliación na 2ª, considerándose, polo tanto, como aprobadas nese curso académico.

DATAS DE AVALIACIÓN, CURSO 2024-25

As datas oficiais dos exames poden consultarse na web da facultade de educación no espazo "datos exames"

OBSERVACIÓNS

En coherencia co carácter inclusivo que caracteriza a Facultade de Educación e Traballo social, esta guía poderá ser adaptada para atender ás necesidades específicas de apoio educativo que presente o alumnado adscrito ao programa PIUNE (PAT).

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

AMORÓS, P. & AYERBE, P (eds.), **Intervención educativa en inadadaptación social**, 2000,

AYERBE, P., **La intervención educativa ante la desadaptación social**, 1996,

MARTÍNEZ, A. & MUSITU, G., **El estudio de casos para profesionales de la acción social**, 1995,

ORTE SOCIAS, C. & MARCH, M.X., **Pedagogía de la inadadaptación social**, 1996,

VALLES, J., **Manual del educador social: intervención en servicios sociales**, 2009,

VÉLAZ DE MEDRANO, C., **Intervención educativa y orientación en problemas de inadadaptación y exclusión por factores educativos y socioculturales**, 2002,

Bibliografía Complementaria

Recomendacións

Outros comentarios

Esta materia enmárcase nunha Facultade comprometida coa sustentabilidade da contorna e das persoas. Atendendo a esta filosofía, esta materia promoverá prácticas educativas en base a materiais de baixo impacto ambiental en coherencia cos principios de sustentabilidade (ODS).
